

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CBTCP12	Tapizaría e cortinaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3077	Materiais e produtos téxtiles	2023/2024	3	88	88

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL IGLESIAS VILLAMEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional da FP Básica, dentro do sector produtivo Têxtil, Confección e Pel, evoluciona cara a preparar a persoas que exercen a súa actividade de xeito autónomo ou por conta allea, en talleres de confección e arranxo de pezas de vestir, roupa de fogar, complementos de decoración têxtil e de pel, ben sexa como costureiro/a á man ou con máquina doméstica, costureiro/a zurcidor/a, modista de arranxos e composturas, operario/a de confección ou operario/a de modistería.

A evolución do mercado ten tendencia a producir artigos con gran valor engadido. Os futuros traballadores teñen que ter a capacidade de adaptarse ao manexo de máquinas e equipamentos de produción non só de têxtils para o fogar e a confección senón tamén de têxtils técnicos.

A tendencia cara un uso máis racional dos bens de consumo impulsan o seu arranxo e a súa adaptación para un segundo uso antes que se desfacer deles. Isto propiciou a creación de tendas de proximidade nas que a clientela pode solicitar composturas e adaptacións, e que se forxou como un novo nicho de emprego para este sector, onde se pode inserir este perfil profesional adecuadamente.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Da fibra ó tecido	Estudio das fibras téxtiles segundo a súa orixe, tamén estudarase o fío e os tecidos, as súas características e aplicacións na tapizaría.	32	35
2	Os elementos complementarios	Identificaranse os elementos complementarios empregados na tapizaría, os recheos, fornitureas, tipos de adhesivos, disolventes e tipos de acabados.	14	15
3	A pel e o coiro	Estudio das características da pel, a súa estrutura, como identifícala e a súa clasificación, así mesmo os diferentes tratamentos que se lle aplican.	14	15
4	Almacenaxe de materiais	Estudio da correcta conservación e almacenaxe das materias téxtiles, da pel e do coiro, o seu mantemento e embalaxe.	28	35

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Da fibra ó tecido	32

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	NO
RA3 - Almacena os materiais e os produtos téxtiles e elementos complementarios, e xustifica a súa situación e as súas condicións de almacenamento	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Diferenciáronse os materiais (tecidos, peles, elementos complementarios, etc.), en relación coas súas características e a súa aplicación
<b>CA1.2.1 Diferenciáronse os materiais tecidos e non tecidos, en relación coas súas características e a súa aplicación</b>
CA1.3 Clasifícaronse os materiais en función das súas características (natureza, tamaño, grosor, defectos, etc.) e segundo a súa orixe e aplicación
<b>CA1.3.1 Clasifícaronse os materiais en función das súas características (natureza, tamaño, grosor, defectos, etc.) e segundo a súa orixe e aplicación</b>
CA1.5 Descríbense os procesos básicos de produción de materiais, obtención de peles e produtos téxtiles
<b>CA1.5.1 Descríbense os procesos básicos de produción de materiais téxtiles</b>
CA1.6 Descríbense as propiedades e as características que transmiten os tratamentos ás materias primas (branqueamento, tintura, aprestos, etc.)
CA1.7 Interpretáronse etiquetas normalizadas de composición e conservación
CA1.9 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria
CA3.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles, das peles e dos elementos complementarios
<b>CA3.2.1 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles</b>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
0Tecidos non tecidos: características e obtención.
Normativa referente á etiquetaxe de produtos téxtiles, accesorios e fornitureas.
Lectura e interpretación de etiquetas e de documentación técnica.
Identificación de materiais en función da súa natureza e das súas características.
Detección de defectos e anomalías nos materiais.
<b>Detección de defectos e anomalías nos tecidos</b>
Fibras naturais, artificiais e sintéticas: clasificación, características, propiedades.

**Contidos**

Fíos: tipos, identificación e procesos de transformación.

Tecidos: calada e punto.

Lectura e interpretación de etiquetas e de documentación técnica.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Os elementos complementarios	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	NO
RA2 - Recibe elementos complementarios, tendo en conta a relación entre as características destes e as súas aplicacións	NO
RA3 - Almacena os materiais e os produtos téxtiles e elementos complementarios, e xustifica a súa situación e as súas condicións de almacenamento	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Diferenciáronse os materiais (tecidos, peles, elementos complementarios, etc.), en relación coas súas características e a súa aplicación
<b>CA1.2.3 Diferenciáronse os elementos complementarios en relación coas súas características e a súa aplicación</b>
CA1.5 Descríbense os procesos básicos de produción de materiais, obtención de peles e produtos téxtiles
<b>CA1.5.2 Descríbense os procesos básicos de produción de produtos téxtiles</b>
CA1.9 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria
CA2.3 Identificáronse os elementos de recheo, de reforzo, de adorno, de suxeición, etc
CA2.4 Diferenciáronse os elementos complementarios en relación coas súas características e a súa aplicación
CA2.5 Clasificáronse os elementos complementarios, empregando a terminoloxía correcta
CA3.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles, das peles e dos elementos complementarios
<b>CA3.2.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación dos elementos complementarios</b>
CA3.4 Relacionáronse as condicións ambientais (temperatura, humidade, luz, ventilación, etc.) e o procedemento de colocación no almacén coa integridade dos produtos almacenados

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Identificación de elementos complementarios en función da súa natureza e das súas características.
Presentación comercial de elementos complementarios.
Detección de defectos e anomalías.
Pegamentos e colas, siliconas e disolventes: características e aplicación en confección.
Fornituras e avíos.
Complementos. Complementos de recheo ou reforzo.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A pel e o coiro	14

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	NO
RA3 - Almacena os materiais e os produtos téxtiles e elementos complementarios, e xustifica a súa situación e as súas condicións de almacenamento	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Diferenciáronse os materiais (tecidos, peles, elementos complementarios, etc.), en relación coas súas características e a súa aplicación
<b>CA1.2.2 Diferenciáronse as peles, en relación coas súas características e a súa aplicación</b>
CA1.5 Descríbense os procesos básicos de produción de materiais, obtención de peles e produtos téxtiles
<b>CA1.5.3 Descríbense os procesos básicos de obtención de peles</b>
CA1.9 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria
CA3.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles, das peles e dos elementos complementarios
<b>CA3.2.3 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das peles</b>
CA3.4 Relacionáronse as condicións ambientais (temperatura, humidade, luz, ventilación, etc.) e o procedemento de colocación no almacén coa integridade dos produtos almacenados
CA3.6 Relacionáronse os tipos de presentación e embalaxe cos requisitos de almacenaxe e transporte
CA3.7 Indicáronse as condicións básicas de almacenamento e acondicionamento de materiais téxtiles, peles e elementos complementarios

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Pel e coiro: natureza, clasificación, características, propiedades, procesos de transformación e aplicacións en confección. Principais defectos.
Presentación comercial de materiais, peles e produtos téxtiles.
Detección de defectos e anomalías nos materiais.
<b>Detección de defectos e anomalías nas peles</b>
Tinturas e ceras: tipos e aplicacións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Almacenaxe de materiais	28

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recibe materiais e produtos téxtiles, e distingue as súas propiedades e as aplicacións	NO
RA2 - Recibe elementos complementarios, tendo en conta a relación entre as características destes e as súas aplicacións	NO
RA3 - Almacena os materiais e os produtos téxtiles e elementos complementarios, e xustifica a súa situación e as súas condicións de almacenamento	NO
RA4 - Controla as existencias do almacén e xustifica a almacenaxe mínima	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as mercadorías recibidas co contido do albará
CA1.3 Clasificáronse os materiais en función das súas características (natureza, tamaño, grosor, defectos, etc.) e segundo a súa orixe e aplicación
CA1.4 Recoñecéronse os defectos e as anomalías máis frecuentes, tanto os de orixe natural como os derivados dos procesos de fabricación
CA1.8 Verificouse a coincidencia das etiquetas coas especificacións da ficha técnica do material ou do produto
CA1.9 Empregouse tempo e esforzo en ampliar coñecementos e información complementaria
CA2.1 Determinouse a composición do lote recibido e as súas medidas de protección
CA2.2 Comprobouse que os elementos recibidos se correspondan cos solicitados
CA2.6 Verificouse a coincidencia das etiquetas coas especificacións da ficha técnica do material ou do produto
CA3.1 Agrupáronse os produtos segundo a súa orixe e a súa aplicación
CA3.2 Indicáronse as condicións básicas de manipulación e conservación das materias téxtiles, das peles e dos elementos complementarios
CA3.3 Identificáronse os defectos ocorridos como consecuencia dunha mala manipulación ou dun mal almacenamento
CA3.5 Asegurouse a rastrexabilidade dos produtos almacenados
CA3.8 Respectáronse e aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos no almacén
CA3.9 Mantívose sempre o almacén limpo e ordenado
CA4.1 Realizouse o inventario de produtos existentes no almacén, elaborando partes de incidencia en caso necesario
CA4.2 Describiuse a documentación técnica relacionada co almacén
CA4.3 Relacionouse a almacenaxe mínima co tempo de aprovisionamento dos/das provedores/as
CA4.4 Identificáronse os tipos de almacenaxe e de inventario, e as súas variables



Criterios de avaliación
CA4.5 Sinaláronse os mecanismos que se empregan para asegurar a renovación de almacenaxes
CA4.6 Aplicáronse ferramentas informáticas no control do almacén
CA4.7 Rexistráronse as entradas e as saídas de existencias, actualizando os arquivos correspondentes
CA4.8 Elaborouse con claridade a información asociada ao control do almacén, de maneira ordenada, estruturada, clara e precisa
CA4.9 Valorouse a relevancia do control de almacén no proceso produtivo

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Operacións e comprobacións na recepción.</p> <p>Documentos de entrada de produtos.</p> <p>Identificación e codificación de produtos.</p> <p>Almacenamento de materiais.</p> <p>Manipulación de artigos e materiais.</p> <p>Colocación, ordenación e óptimo aproveitamento do espazo.</p> <p>Limpeza e mantemento dos materiais téxtiles e de pel.</p> <p>Medidas de prevención de riscos no almacenamento e na manipulación.</p> <p>Xestión dun pequeno almacén.</p> <p>Control de existencias. Tipos de almacenaxe.</p> <p>Aplicación de tecnoloxías da información e da comunicación na xestión do almacén. Follas de cálculo, procesadores de texto e aplicacións específicas.</p>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### 1. MINIMOS ESIXIBLES:

Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución da competencia establecida no currículo. A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva do módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d., e que se resumen a continuación:

"Identifica materiais, produtos téxtiles e elementos complementarios, distingue as súas propiedades e aplicacións. Recibe, cotexa, revisa e almacena os produtos, xustificando a súa situación e as súas condicións de almacenamento e controla as existencias. Interpreta a documentación asociada a cada fase do proceso."

### 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A forma de avaliar será continua, coa análise do proceso de ensinaza-aprendizaxe tódolos días.

#### 2.1. RELATIVO Á CALIFICACIÓN:

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos.

Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos esixibles, acadando alomenos a metade da nota asignada para esa tarefa. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse aquelas tarefas suspensas.

#### 2.2. RELATIVO ÓS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados no apartado 4.c. asociados a cada un dos CA. E serán aplicados nas seguintes porcentaxes:

Un 40% en base a listas de cotexo e táboas de observación, e un 60% en base a probas escritas.

Realizaráse unha proba escrita por cada unidade didáctica.

Para determinar a cualificación de cada avaliación parcial, aplicarase o redondeo matemático a partir do decimal 5.

#### 2.3. RELATIVO ÁS TAREFAS:

As entregas dos produtos e tarefas deberán ser feitas na data e forma sinaladas para este fin polo docente. Unha entrega feita fora de prazo será valorada ó 50% da cualificación que teña asignada. Esta premisa será aplicada sempre, agás causa de forza maior, e xustificación mediante.

Unha tarefa non entregada ou non realizada terá unha cualificación de 0.

- Ausencias xustificadas de xeito reiterado e/ou prolongado:

A falta de asistencia xustificada\* de xeito prolongado ou reiterado, impide a aplicación dos instrumentos de avaliación ordinarios recollidos na programación.

O alumnado nesta situación deberá realizar unha proba teórico-práctica antes de rematar o trimestre. Nesta proba recolleráanse os criterios de avaliación asignados ó trimestre. A finalidade é demostrar que adquiriu as mesmas destrezas e coñecementos que o resto do grupo.

Se non se presenta á proba, contaránse as entregas e probas ordinarias realizadas e a cualificación trimestral será como máximo dun 4.

\*A xustificación de faltas será segundo o recollido na Guía do alumnado.

#### 2.4. RELATIVO Á CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL:

A cualificación da avaliación final será a media ponderada da nota acadada en cada unha das UD, sendo a mesma cualificación na terceira avaliación que na final no caso dos alumnos que superen o módulo na terceira.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### RECUPERACIÓN TRIMESTRAL DA PROBA ESCRITA:

Para o alumnado que suspenda a proba escrita algún dos trimestres poderá recuperala ó inicio do trimestre seguinte, na data fixada polo docente para tal fin. Solo se poderán recuperar deste xeito as probas escritas, no caso das tarefas avaliadas a través de listas de cotexo ou tábuas de observación, a recuperación será no período da avaliación final.

O peso na cualificación da recuperación será o mesmo que tiña a proba escrita ordinaria. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

#### RECUPERACIÓN NA AVALIACIÓN FINAL:

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos.

Estas actividades serán avaliadas polo profesor e terán que ter igual ou máis de 5 puntos sobre 10 para dalas por superadas.

#### RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA:

O alumnado suspenso na avaliación final, terá dereito a realizar unha proba teórico-práctica extraordinaria de recuperación no mes de xuño, na que se examinará de tódolos contidos do curso, independentemente das partes superadas nas avaliacións parciais e/ou final.

A puntuación esta proba irá do 0 ao 10 e teránse que acadar alomenos 5 puntos para obter unha cualificación positiva.

**ALUMNADO QUE PROMOCIONA A SEGUNDO CON ESTE MÓDULO PENDENTE:**

O alumnado que promocioe ó 2º curso con este módulo pendente terá dereito a recuperar antes de cursar o módulo de FCT. A recuperación constará dunha proba teórico-práctica na que o alumno ou alumna deberá demostrar o dominio do módulo. Será puntuada do 1 ó 10, tendo que sacar alomemos 5 puntos para aprobar.

As porcentaxes aplicadas na calificación serán un 60% para contidos conceptuais e un 40% para contidos procedimentais.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A perda de dereito á avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria.

Se algún alumno ou algunha alumna superase os 16 anos terá dereito a unha proba extraordinaria na data estipulada polo centro educativo que constará de parte teórica e parte práctica.

Esta proba recollerá polo menos os contidos mínimos esixidos no apartado cinco de esta programación.

**7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación farase a través desta plataforma, recollendo as incidencias que vaian aparecendo.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

O grao de cumprimento da temporalización

O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

**8. Medidas de atención á diversidade****8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao comezo do curso, nos primeiros días de clase, realizarase unha avaliación inicial para coñecer aos alumnos, as súas inquietudes e os coñecementos previos sobre o ciclo formativo que van a cursar.

Con esta avaliación preténdese detectar necesidades educativas especiais e se é preciso, adaptar a programación ao nivel dos/as alumnos/as.

A proba consiste nunha serie de preguntas sinxelas sobre os contidos do módulo.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Na Formación Profesional cóntase co Reforzo educativo e a Adaptación Curricular como elementos de axuda para axustarnos ás necesidades dos

alumnos.

1. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor tutor, que coordinará a elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo.

A Adaptación Curricular será necesaria realizala cando un alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propoñéndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas .

A atención aos nenos e nenas da formación profesional básica será máis individualizada, tratarase de que se responsabilicen no seu traballo con certos límites e normas, farase reforzo positivo, a visión da persoa será integral, o desenvolvemento do traballo será cooperativo, traballarase a comunicación e a participación e, sobre todo, partirase dos intereses do alumnado para mantelo o máis motivado que sexa posible.

2- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.

3.- Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título como son:

- Adaptarse os diferentes situacións ou postos de traballo, e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- Realizar o mantemento de primeiro nivel en máquinas e equipamentos de confección, de acordo coa ficha de mantemento.
- Cumprir cos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo, conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- Resolver as incidencias relativas á propia actividade e identificar as súas causas, con responsabilidade á hora de tomar decisións.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que derivan das relacións laborais, en consoancia co establecido na lexislación.

4.- Se fose necesario, solicitarase asesoramento e colaboración do departamento de Orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Os aspectos transversais relacionados co módulo son os seguintes:

Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo, son conceptos que veñen recollidos nos propios criterios de avaliación do módulo.

Por tanto non só están incluídos como aspectos transversais senón que son avaliáveis.

Educación medioambiental.

As materias primas que utilizamos, inciden directamente na calidade do medio ambiente.

O uso de materias téxtiles naturais o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínscamente pero tamén en forma de actividades específicas no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballarase a través de diferentes actividades.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no centro integrado e poidan levarse a cabo

no desenrolo da programación.

A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

1. Actividades complementarias;

- Visitas a empresas textis , museos e outras, na comunidade autónoma e fora de ela.

- Visitas a feiras na comunidade autónoma e fora de ela.

2. Actividades extraescolares;

- Apoiar o magosto realizando cucuruchos

- Realizar os traxes dos desfiles do antroido

- As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social

## 10.Outros apartados

### 10.1) Materias e produtos téxtiles

Neste módulo formativo o que se pretende é dotar ao alumnado dos coñecementos básicos para a identificación de materias e produtos téxtiles , así como tamén as técnicas de iniciativa emprendedora; que o alumno adquira uns coñecementos básicos que o posibilite para ser axudante nunha tenda de materias ou produtos téxtiles así como en empresas do sector na área de recepción de materias primas.